



BASES LEGAIS FAI QUE A GLOBAL MUIÑEIRA SEXA MUNDIAL

1.- COMPAÑÍA ORGANIZADORA

GADISA RETAIL, S.L.U., con domicilio social no Polígono de Piadela s/n de Betanzos, A Coruña, 15.300, levará a cabo un concurso en Twitter chamado "FAI QUE A GLOBAL MUIÑEIRA SEXA MUNDIAL" a través das súas redes sociais de Vivamos como Galegos que se desenvolverá conforme ao establecido nas presentes bases legais.

2. DURACIÓN E ÁMBITO DE APLICACIÓN

O concurso é válido en todo o territorio español. Os premios serán enviados pola empresa Gadisa Retail SLU ao enderezo do Supermercado GADIS no que queren que se realice o envío. A data de comezo do concurso será o 9 de Novembro de 2017 ás 12:00 e finaliza o 30 de Novembro de 2017 ás 23:59 horas.

3. REQUISITOS E MECÁNICA DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar nesta promoción as persoas físicas, maiores de 18 anos, con residencia legal en España, que contén cun perfil de usuario real en Twitter e que sexa seguidor da conta @vivamos_galegos.

Para participar na promoción haberá que:

- 1) Ter unha conta en Twitter
- 2) Entrar na web vivamoscomogalegos.com
- 3) Facer clic no botón de “compartir” no contador da Global Muiñeira
- 4) Compartir a mensaxe predeterminada na conta persoal de Twitter

O devandito contador aumentará en función do número de participantes.

A participación no sorteo supón a cesión e autorización expresa de todos os dereitos de propiedade intelectual e de imaxe sobre as participacións, de xeito que o participante cede á empresa Gadisa Retail S.L.U todos os dereitos de explotación de natureza intelectual, industrial e/ou de imaxe que puidesen corresponderlle as participacións enviadas para participar no concurso.

4. SORTEO E PREMIOS

A cantidade de agasallos finais dependerá do número de participantes do mesmo. Se participan 100 persoas sortearanse 10 **camisetas da Global Muiñeira**. É dicir, sortearanse 10 camisetas por cada 100 persoas que participen (ata un máximo de 100 camisetas).

Os premios serán enviados pola empresa Gadisa Retail SLU ao Supermercado GADIS indicado polo gañador. Tan só se poderá gañar un agasallo por participante. Este sorteo celebrarase o 1 de Decembro de 2017.

Os premios son persoais e intransferibles, non poderán trocarse polo seu valor en metálico nin por outro produto ou servizo distinto. O/os premio/s recolleranse no supermercado Gadis indicado polo/os gañador/es.

Os premios poden sufrir cambios e, no seu defecto, entregaranse outros premios de similar importe. O gañador ten dereito a renunciar ao premio, non obstante, non poderá, en ningún caso, trocalo polo seu valor económico.

5. COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES

Entre todos os participantes que cumpran os requisitos, realizarase un sorteo único no que o número de gañadores dependerá dos participantes da mesma acción (10 camisetas por cada 100 participantes). A comunicación dos gañadores realizarase o día 1 de Decembro de 2017 a través de:

- 1) Facebook: <https://www.facebook.com/VivamosGalegos>
- 2) Twitter: https://twitter.com/vivamos_galegos
- 3) Instagram: https://www.instagram.com/vivamos_galegos

No caso de renuncia, imposibilidade de localización ou cando o gañador ou gañadores do premio non cumpran os requisitos de participación, o premio quedará deserto. Os nomes dos gañadores comunicaranse o día 1 de Decembro de 2017 nos medios que a empresa considere necesarios.

Se algún dos gañadores non responde antes do 8 de Decembro de 2017 o premio quedará deserto, perdendo o gañador o seu dereito a reclamar o premio.

Os gañadores consenten que o seu nome apareza publicado nos medios que GADISA RETAIL S.L.U. estime con motivo deste concurso. Os gañadores comprométense formalmente a enviar unha imaxe do goce do seu premio para que esta imaxe poida ser utilizada para promover os seus concursos en redes sociais. Os usuarios que gañen o seu premio a partir desta acción, deberán subir a fotografía a algunha das plataformas Facebook, Twitter ou Instagram, mencionando e etiquetando aos perfís oficiais de Vivamos como Galegos.

6. DESVINCULACIÓN DE TWITTER

A plataforma Twitter non patrocina, avalan nin administran de modo ningún esta promoción, nin están asociadas a ela. O usuario é consciente de que está a proporcionar a súa información á empresa GADISA RETAIL, S.L.U.e non a Twitter. A información que proporcione utilizarase para xestionar a participación do concursante e comunicarlle o premio, pasando a formar esta con posterioridade á base de datos da empresa para futuras accións comerciais.

7. ACEPTACIÓN DAS BASES

A simple participación no concurso implica a aceptación das presentes bases, polo que a manifestación no sentido de non aceptación da totalidade ou parte das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia disto, o GADISA RETAIL, S.L.U. quedará liberado do cumprimento da obrigaón contraída co participante.

8. RESERVAS E LIMITACIÓNS

A empresa Gadisa Retail S.L.U. queda eximida de calquera responsabilidade no suposto de existir algún erro nos datos facilitados polos propios agraciados que impidise a súa identificación. Igualmente non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos ou calquera outra circunstancia imputable a correos que poidan afectar ao envío dos premios.

A empresa Gadisa Retail S.L.U. resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do concurso.

A empresa Gadisa Retail S.L.U. exclúe calquera responsabilidade por danos e prexuízos de toda natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento dos servizos mediante os que se participa na promoción, á defraudación da utilidade que os usuarios hubieren podido atribuír a estes, e, en particular, aínda que dun modo exclusivo, aos fallos no acceso ás distintas páxinas e envíos de respostas de participación a través de Internet.

A empresa Gadisa Retail S.L.U. resérvase o dereito a efectuar cambios que redunden no bo fin do concurso cando concorra causa xusta ou motivos de forza maior que impidan levala a termo na forma en que recollen as presentes bases.

A empresa Gadisa Retail S.L.U. resérvase o dereito a aprazar ou ampliar o período do concurso, así como a facultade de interpretar as presentes bases legais.

Así mesmo, a empresa organizadora quedará exenta de toda responsabilidade se concurriese algún dos casos sinalados, así como de calquera responsabilidade póllos danos e prexuízos que puidesen ocasionarse durante o disfrute do premio.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

Informámoslle que os datos de carácter persoal que Vostede nos proporcione, formarán parte do ficheiro "VIVAMOS COMO GALEGOS" titularidade de GADISA RETAIL S.L.U. e serán tratados coa finalidade de xestionar o desenvolvemento da presente promoción e da entrega dos premios obtidos.

Informámoslle que os seus datos poderán ser cedidos temporalmente aos nosos establecementos pertencentes a outras empresas do grupo GADISA para meros efectos de identificación e entrega física dos mesmos.

Vostede poderá exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través da seguinte dirección de correo electrónico: administrador@vivamoscomogalegos.com indicando no asunto "FAI QUE A GLOBAL MUIÑEIRA SEXA MUNDIAL".

Vivamos como galegos! 

www.vivamoscomogalegos.com